

Nome _____


Data _____

Algas contra a malaria

Un equipo de investigadores da Universidade de California empregou unha alga verde, *Chlamydomonas reinhardtii*, para combater a malaria en ratos de laboratorio.

Os cloroplastos desta alga producen unha substancia especial. Cando é inxectada nos ratos de laboratorio, o seu organismo confunde esta substancia co microorganismo que orixina a malaria (*Plasmodium falciparum*) e crea defensas efectivas contra el.

O seguinte paso é comprobar se esta substancia é útil para producir unha vacina que funcione no ser humano.



1 Contesta as preguntas sobre a lectura.

- De que enfermidade se fala no texto? Que organismo a produce?

- Que ser vivo utilizaron os investigadores para trataren de obter unha vacina? Sobre que outro ser vivo se empregou?

- É a vacina efectiva no ser humano?

2 Indica como clasificarías (reino, grupo...) os seres vivos dos que fala o texto.

- *Chlamydomonas reinhardtii*.

- *Plasmodium falciparum*.

- Rato de laboratorio.

- Ser humano.

3 Le as seguintes frases e relaciónaaas coas respostas que deches na actividade anterior.

- A alga produce unha substancia que o organismo confunde co paramecio.

- A vacina estase probando en ratos porque se quere utilizar no ser humano.

4 Observa a imaxe que acompaña a lectura e responde.

- Como se pode ver o *Plasmodium falciparum* desa maneira? Utilizouse algún instrumento? Podería verse a simple vista? Por que?

- Como se despraza este protozoo?

- De que outras formas poden desprazarse estes microorganismos?

5 As algas das que fala o texto son algas verdes que poderían ser beneficiosas para o ser humano.

- Son algas unicelulares ou pluricelulares?

- En que parte das células da alga se produce a substancia usada para elaborar vacinas?

- As células da alga, a que células doutros seres vivos se parecen? Por que?

- Que outros usos beneficiosos das algas coñeces?

- Cal é a característica que teñen en común as algas e as plantas?
